

CONCRECIÓN CURRICULAR

Índice

| | |
|---|----|
| a) Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro..... | 2 |
| b) Contribución á adquisición das competencias..... | 6 |
| c) Criterios para incorporar elementos transversais..... | 8 |
| d) Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía..... | 11 |
| e) Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos..... | 14 |
| f) Criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso..... | 15 |
| g) Criterios para o deseño das actividades complementarias e extraescolares..... | 23 |
| h) Criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso..... | 24 |
| i) Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso..... | 25 |
| j) Criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación..... | 26 |
| Educación Secundaria Obrigatoria - Avaliación..... | 26 |
| Educación Secundaria Obrigatoria - Promoción..... | 27 |
| Educación Secundaria Obrigatoria - Titulación..... | 29 |
| Bacharelato - Avaliación..... | 31 |
| Bacharelato - Promoción..... | 34 |
| Bacharelato - Titulación..... | 35 |
| Ciclos Formativos - Avaliación..... | 37 |
| Ciclos Formativos - Promoción..... | 38 |
| Ciclos Formativos - Titulación..... | 39 |
| k) Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso..... | 40 |
| l) Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas..... | 42 |
| m) Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas..... | 48 |
| n) Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular..... | 49 |



a) Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- Conseguir o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a.
- Formar ó alumnado no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais da persoa.
- Favorecer a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo.
- Fomentar actitudes que favorezan a participación na vida social e cultural.
- Formar ó alumnado no respecto á pluralidade lingüística e cultural da nosa sociedade.
- Capacitar ós alumnos/as para a obtención e asimilación de contidos conceptuais.
- Potenciar unha educación baseada nos valores cívicos, a convivencia e o respecto á cidadanía e á súa contorna .
- Espertar no alumnado valores e aptitudes, a través dos elementos transversais, en especial no que se refire á igualdade entre homes e mulleres.
- Concienciar da responsabilidade no cuidado do entorno.
- Axudar a utilizar de forma crítica a novas tecnoloxías da información e comunicación valorando a súa importancia na difusión da cultura.
- Impulsar o coñecemento de idiomas.
- Favorecer a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (alumnado superdotado, estranxeiro ou con necesidades educativas especiais).
- Conseguir que o alumnado coñeza o entorno no que se desenvolve desde un punto de vista xeográfico, histórico, artístico e cultural.
- Valorizar o patrimonio material e inmaterial da comarca, e en especial de Mondoñedo e Lourenzá, concellos de procedencia da gran maioría do noso alumnado.
- Integrar no currículo o coñecemento do medio rural, desenvolvendo o análise de áreas e actividades postergadas por un ensino centrado nas contornas urbanas totalmente alleos ao noso alumnado.
- Procurar unha mellora continuada na calidade do ensino.
- Desenvolver un ambiente axeitado para ó labor docente e crear unha relación fluída entre profesores e alumnos.
- Mellorar a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa (profesores, P.A.S., alumnos e pais) e cara o exterior e o entorno, fomentando o interese polo bo funcionamento do centro.
- Promover a participación activa de todos os estamentos da comunidade educativa nas actividades do centro.

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 7.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e

artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 7.

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO BACHARELATO DE ESPECIALIZACIÓN CURRICULAR EN IDIOMAS (PLURIBAC)

Resolución do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBac)

Resolución do 27 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2023/24.

O Bacharelato de especialización en idiomas (PluriBac) ten como **finalidade** promover no alumnado unha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa (inglés, no caso do noso centro), así como un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

Este Bacharelato **favorecerá** no alumnado o desenvolvemento de:

1. Destrezas comunicativas e expresivas (orais e escritas) tanto nas dúas linguas cooficiais como na(s) lingua(s) estranxeira(s) presente(s) nesta etapa educativa.
2. Destrezas de comprensión e produción na lingua estranxeira obxecto de especialización do programa (inglés), cunha especial incidencia nas destrezas orais.
3. Utilización práctica das ferramentas e recursos da Sociedade do Coñecemento actual: uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación no ámbito do estudo do bacharelato.

OBXECTIVOS XERAIS DOS CICLOS FORMATIVOS

Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Artigo 3.

As ensinanzas de formación profesional teñen por obxecto conseguir que os alumnos e as alumnas adquiren as capacidades que lles permitan:

- a) Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.
- b) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os

mecanismos de inserción profesional.

- c) Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
- d) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- e) Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.
- f) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- g) Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.
- h) Lograr as competencias relacionadas coas áreas prioritarias referidas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- i) Facer realidade a formación ao longo da vida e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través de distintas vías formativas para manter a actualización nos ámbitos social, persoal, cultural e laboral, conforme as súas expectativas, as súas necesidades e os seus intereses.

b) Contribución á adquisición das competencias.

Recomendación do Consello da Unión Europea de 22 de maio de 2018 relativa a las competencias clave para el aprendizaje permanente.

Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria.

Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas del Bachillerato.

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 8

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 8

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

COMPETENCIAS CLAVE

A nova normativa educativa recolle novas competencias baseadas na **Recomendación do Consello da UE de 22 de maio de 2018**, onde tamén se definen as competencias como unha combinación de

coñecementos, capacidades e actitudes nas que:

- os coñecementos compóñense de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías xa establecidos e que apoian a comprensión dunha área ou tema concretos;
- as capacidades defínense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados;
- as actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización persoal, a súa empregabilidade, integración social, estilo de vida sostible, éxito na vida en sociedades pacíficas, modo de vida saudable e cidadanía activa, desenvolvidas cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta en todos os contextos.

Nos **Reais Decretos** de ensinanzas mínimas arriba mencionados (artigo 11 do RD de ESO e artigo 16 do RD de BAC), así como nos **Decretos 156/2022** e **157/2022** (artigo 8) recóllense as seguintes competencias:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Implica mobilizar de forma consciente o conxunto de saberes, destrezas e actitudes que permiten identificar, expresar, crear, comprender e interpretar sentimentos, feitos, opinións, pensamentos e conceptos de forma oral e escrita en soportes variados, en contextos diversos e con finalidades distintas.

b) Competencia plurilingüe (CP).

Relacionada con empregar distintas linguas de forma axeitada e eficaz.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).

Involucra a comprensión do mundo utilizando o método científico, o pensamento e a representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos de enxeñería para transformar o entorno de forma comprometida, responsable e sostible.

d) Competencia dixital (CD).

Implica o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción coas devanditas tecnoloxías.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Habilidade de reflexionar sobre un mesmo, xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

f) Competencia cidadá (CC).

Habilidade de actuar como cidadáns responsables e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e as estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sostibilidade e o logro dunha cidadanía mundial.

g) Competencia emprendedora (CE).

Relacionada coa creatividade e iniciativa, implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor.

h) Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

Implica comprender e respectar a forma na que as ideas e o significado se expresan de forma creativa e se comunican nas distintas culturas, a través da arte e outras manifestacións culturais, así como desenvolver e expresar as propias ideas cun sentido de pertenza á sociedade.



PERFÍS DE SAÍDA

Os Perfís de saída do alumnado fixan a dimensión aplicada ás competencias clave que o alumnado debe ter adquiridas ao finalizar cada unha das etapas educativas. Constitúen o referente último do desempeño competencial, e fundamentan o resto de decisións curriculares, estratexias e orientacións metodolóxicas.

Así, o nivel de consecución das competencias defínese de xeito preciso cun conxunto de descritores para cada unha das etapas educativas, tal e como se recolle nos Reais Decretos de ensinanza mínimas (anexo I en cada RD.)

A transversalidade é unha condición inherente aos perfís de saída, pois todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Do mesmo xeito, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúen á adquisición de todas as demais, non existindo xerarquía entre elas nin podendo establecerse unha correspondencia exclusiva con ningunha área, ámbito ou materia.

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Recollida nos artigos 24 do **DECRETO 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e 22 do **DECRETO 157/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como nas ordes que os desenvolven. En ambos artigos establécese que a avaliación do alumnado terá en conta o grao de consecución das competencias clave.

ESO. Concretamente, no artigo 22 da Orde do 26 de maio de 2023 relativa á ESO menciónase ademais que

1. Todas as materias ou ámbitos do currículo deben contribuír, en cada un dos cursos da etapa, ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.
2. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, na medida en que, de conformidade co anexo II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada materia ou ámbito, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita materia ou ámbito, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.
3. A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da materia ou ámbito para o deseño das actividades de ensino e aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares a que se refire o número anterior.

c) Criterios para incorporar elementos transversais.

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
Artigo 18

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 19



Os elementos transversais deben estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a ensinanzas fundamentais para vivir en sociedade. Polo tanto, a educación non debe limitarse a facilitar aprendizaxes de contidos disciplinares senón que tamén debe integrar de xeito transversal contidos que sirvan para dar resposta aos retos socioculturais da contorna na que vivimos.

A incorporación de elementos transversais realizarase en cada materia ou módulo nos momentos en que o profesorado o considere oportuno, aproveitando cuestións ou problemas que garden relación cos distintos temas transversais e que se poden presentar no desenvolvemento das unidades didácticas ou incluso aproveitando diferentes novas ocorridas na contorna do alumnado. As actuacións desenvolvidas desde o departamento de orientación, tales como a acción tutorial, orientación académica e profesional e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe contribúen tamén á educación en valores. Así mesmo non convén esquecer que unha educación en valores precisa sempre da colaboración e participación de toda a comunidade educativa.

Os distintos departamentos, nas súas programacións didácticas, e o departamento de Orientación no Plan de Acción Tutorial, planificarán os momentos máis oportunos para abordar os elementos transversais, así como o xeito máis adecuado para desenvolvelos. Ademais, no centro, algúns elementos transversais tamén poderán ser tratados en xornadas especialmente dedicadas a eles, nas que se facilitará a participación de todos os integrantes da comunidade educativa, tales como charlas (drogodependencias, sexualidade, ciberacoso...), coloquios e diversas actividades.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS RECOLLIDOS NOS DECRETOS 156/2022 (artigo 18) E 157/2022 (artigo 19)

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a **comprensión de lectura**, a **expresión oral e escrita**, a **comunicación audiovisual**, a **competencia dixital**, o **emprendemento social e empresarial**, o fomento do **espírito crítico e científico**, a **educación emocional e en valores**, a **igualdade de xénero** e a **creatividade** traballarase en todas as materias.
2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a **igualdade entre mulleres e homes**, a **educación para a saúde**, incluída a **afectivo-sexual**, a **formación estética**, a **concienciación e formación sobre o cambio climático**, a educación para a **sustentabilidade** e o **consumo responsable**, o **respecto mutuo** e a **cooperación entre iguais**.
3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a **liberdade**, a **xustiza**, a **igualdade**, o **pluralismo político**, a **paz**, a **democracia**, o **respecto polos dereitos humanos** e o **rexeitamento de calquera tipo de violencia**, a **pluralidade** e o **respecto polo Estado de dereito**.
4. **Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas**, así como aqueles que **supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**. Así mesmo, empregarase unha **linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas** e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a **creatividade**, a **autonomía**, a **iniciativa**, o **traballo en equipo**, a **confianza nun mesmo** e o **sentido crítico**.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS que se traballan no centro:

1. **Educación para a saúde:** partindo da definición de saúde como o benestar físico e mental, individual, social e medioambiental, procurárase a adquisición de hábitos saudables.
2. **Educación dos consumidores:** trátase de desenvolver no alumnado conciencia de consumidor e espírito crítico ante a publicidade, velando polos efectos individuais, económicos e medioambientais que ten o consumo.
3. **Educación ambiental:** preténdese que o alumnado adquira experiencias e coñecementos suficientes para comprender os principais problemas medioambientais e que desenvolva conciencia de responsabilidade respecto da globalidade do medio ambiente, tanto pola súa actitude ante a problemática xeral como nos seus hábitos persoais, poñendo especial atención na contorna máis próxima.
4. O centro aprobou nos seus órganos colexiados a participación do mesmo no programa **Educación Responsable**, da fundación Botín, que conta entre os seus obxectivos promover no alumnado o crecemento saudable, o talento e a creatividade para lograr unha autonomía e competencia que axude á súa felicidade.
5. Os elementos transversais tamén están presentes e son eixe fundamental das diferentes actividades propostas desde **Biblioteca** e o grupo de **Igualdade**.

En consecuencia, o traballo en valores realizado no centro persegue os seguintes obxectivos:

1. Crear un clima apoiado na orde, na disciplina e na interacción social (indispensables para a vida e traballos académicos) no que o respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa, o diálogo e a solidariedade sexan comprendidos e aceptados por todos.
2. Desenvolver unha aprendizaxe potenciadora do autoconcepto e da autoestima. Con tal fin, o profesorado promoverá un clima distendido e acolledor que permita a interacción educativa adecuada e o respecto mutuo entre docentes e alumnos/as.
3. Estimular no alumnado a confianza en si mesmo e nas propias posibilidades, valorando o esforzo, o espírito de superación e o interese por aprender.
4. Incorporar nos currículos, de forma transversal, aquelas ensinanzas que inciden directamente na escala de valores (contidos transversais): educación para a paz, a saúde, a solidariedade, o respecto á diferenza e a igualdade entre os sexos para conseguir unha verdadeira educación baseada en valores por enriba da instrución
5. Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a todos os membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
6. Consegir que a convivencia no centro, baseada no diálogo, o respecto e a estima, permita o nacemento de vencellos de amizade e comunicación.
7. Velar por todas aquelas actividades que fomenten o pluralismo e os valores democráticos, erradicando calquera comportamento discriminatorio.
8. Crear hábitos de respecto así como actitudes de diálogo cara os membros da comunidade educativa.
9. Concienciar ós membros da comunidade educativa da responsabilidade de todos e cada un no mantemento e coidado das instalacións, fomentando a valoración de todo o que é propiedade pública como ben común.
10. Fomentar o respecto á diversidade (non existen dúas persoas iguais) como algo inherente ao ser humano.

11. Desenvolver unha cultura que respecte e valore o esforzo e o traballo individual e colectivo como unha disposición e forma de vivir tanto a nivel persoal como social.
12. Revisar anualmente as normas de organización e funcionamento para adecualas ás necesidades do momento.
13. Desenvolver as diferentes instancias vinculadas coa resolución de conflitos tanto o Plan como a Comisión de Convivencia e artellar un sistema de arbitraje e mediación para que o alumnado interveña na resolución dos problemas e conflitos que os impliquen.
14. Desenvolver o espírito crítico dos alumnos, fomentar a súa autonomía e ofrecerlles unha formación útil para a súa participación na sociedade.
15. Estimular a colaboración e o traballo en equipo.
16. Valorar e fomentar o interese por un funcionamento do centro no que se integren todos os puntos de vista e capacidades posibles.

d) Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

A metodoloxía educativa constitúe o conxunto de decisións e actuacións que organizan a acción didáctica na aula, establecendo o papel desempeñado polo profesorado e o alumnado, os tipos de actividades que se van desenvolver, a organización espazo-temporal das mesmas, os medios e recursos didácticos, como se avalía e se retroalimenta o proceso educativo. Isto permite a posibilidade de desenvolver diversas metodoloxías co obxectivo de acadar as competencias clave.

O traballo neste centro baséase en potenciar unha aprendizaxe significativa partindo dos coñecementos previos e do nivel de desenvolvemento do alumnado, motivadora e funcional, tendo en conta un enfoque globalizador e multidisciplinar, fomentando así a autoaprendizaxe. Unha liña de metodoloxía didáctica comunicativa, inclusiva, activa e participativa, promovendo o traballo colaborativo, cooperativo e utilización das novas tecnoloxías.

Potenciarase tamén a aprendizaxe competencial, en todas as materias e módulos, con especial énfase na atención á diversidade e ao seguimento individualizado. Na medida do posible priorizaranse metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento máximo das súas capacidades, e que fomenten o traballo interdisciplinar e en equipo.

En consecuencia, podemos nomear os seguintes obxectivos xerais no ámbito metodolóxico:

1. Impulsar unha aprendizaxe activa e significativa a través da mediación do profesor/a no proceso de ensinanza-aprendizaxe, na que o alumno/a sexa verdadeiro protagonista, potenciando a súa creatividade, a adquisición de técnicas de traballo e hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomenten o interese pola súa formación continua e integral.
2. Lograr a coordinación entre as distintas materias atendendo ao desenvolvemento integral e competencial do alumnado e fomentando a cooperación entre os docentes.
3. Proporcionar ferramentas axeitadas ás necesidades do alumnado (técnicas de estudo, tratamento da información, presentación de traballos, etc.)
4. Establecer unha ensinanza individualizada que considere prioritarios o ritmo e capacidade de cada alumno/a, o nivel de competencia curricular (avaliación inicial), o estilo de aprendizaxe, as medidas de atención á diversidade (reforzo educativo, adaptacións curriculares, programas de diversificación curricular, adquisición de linguas,...) e a necesidade de complementar o traballo persoal co traballo en equipo.

5. Consensuar metodoloxías, estratexias de intervención e obxectivos comúns para acadar as competencias básicas de cada nivel.

PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS NOS CURSOS DA ESO

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
Artigo 17

1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias ou dos ámbitos.

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS EN BACHARELATO

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 18

1. No bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelos, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas.

Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

PRINCIPIOS METODOLÓGICOS EN CICLOS FORMATIVOS

Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Artigo 35.

1. A metodoloxía para utilizar na formación profesional específica tratará de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, e integrará a teoría e a práctica, de xeito que se promova no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que deberá intervir como profesional.
2. As ensinanzas de formación profesional para as persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe, e adaptada ás súas condicións, capacidades, necesidades, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades.
3. Nestas ensinanzas prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso.

e) Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

Consideramos material didáctico a calquera elemento que dentro dun contexto educativo poida ser utilizado con finalidade didáctica ou sexa empregado para facilitar o desenrolo das actividades formativas.

O valor dos distintos materiais didácticos dependerá en todo caso de como se adecúen aos obxectivos, contidos e actividades que se propoñen.

Todas as aulas dispoñen dos medios técnicos para a súa conexión a internet e a súa proxección, ben en encerado dixital ou ben sobre pantallas (encerados brancos); esta dotación está tamén presente en todos os demais espazos educativos como aulas específicas, talleres ou no ximnasio.

Todo o alumnado da ESO (de 1º a 4º) ten o material necesario para o traballo das materias que están incluídas no proxecto E-Dixgal, no que o centro participa. Nas materias que non se inclúen neste proxecto non existe, dende a Consellería, axudas para a compra de libros de texto, non obstante no centro dispónse dun fondo de libros destas materias adquiridos en cursos pasados, e que son distribuídos de acordo a criterios de necesidade entre o alumnado que os solicita.

Os fondos bibliográficos inclúen os libros da biblioteca que se prestan ao alumnado seguindo os criterios estándar que pasan por dispor do carné de biblioteca. A todo o alumnado facilítaselle dito carné dende a súa incorporación ao centro.

Ademais dos materiais dos distintos laboratorios e aulas específicas do IES, dispóñense de materiais específicos para o seu uso nos diferentes Ciclos Formativos que oferta o centro e que se imparten no espazo denominado A Granxa. Neste espazo dispónse dunha abundante cantidade de maquinaria específica destes ciclos, como tractores, desbrozadoras, motoserras, etc.; destaca pola súa relevancia e pola súa capacidade formativa a presenza dun potente simulador que recrea o traballo que realizan as procesadoras e auto-cargadores de madeira no monte.

Dispónse dalgúns materiais de carácter educativo máis vinculado ao desenvolvemento de proxectos, como é a Radio no centro; o seu uso estará vinculado á participación nestes programas, ben por materias e grupos de alumnado ou ben de maneira individual.



Ademais, no centro dispoñemos de aulas de carácter multidisciplinar, das que se fará uso previa solicitude e reserva por parte de calquera docente que as precise; nelas será posible o desenvolvemento de actividades nas que participe alumnado de varios grupos ou materias. Estas son o Laboratorio de idiomas, o Salón de actos, a Aula de proxectos e a Aula de proxeccións.

Por último, indicar que na Aula Virtual do Centro existe un curso para cada materia e grupo, que o profesorado poderá utilizar durante o curso académico. Esta será a principal vía de docencia en caso de ter que implantar ensino semipresencial ou a distancia, pero non exclúe outras plataformas das que o profesorado estime oportuno facer uso.

f) Criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade.

No IES San Rosendo impartimos ensinanzas de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos da rama Agraria. Concretamente, a oferta educativa, as materias e os itinerarios son os seguintes:

ESO

| 1º ESO | |
|--|-------|
| MATERIAS | HORAS |
| • Bioloxía e Xeoloxía | 3 |
| • Lingua Castelá e Literatura | 3 |
| • Matemáticas | 4 |
| • Xeografía e Historia | 3 |
| • 1ª lingua estranxeira: Inglés | 3 |
| • Lingua Galega e Literatura | 3 |
| • Educación Física | 2 |
| • Educación Plástica, Visual e Audiovisual (impartida en inglés) | 2 |
| • 2ª Lingua Estranxeira: Francés | 2 |
| • Tecnoloxía e dixitalización | 3 |
| • Libre disposición do centro: matemáticas | 1 |
| • Libre disposición do centro: lingua castelá e literatura | 1 |
| • ELIXIR 1: ◦ Relixión católica ◦ Proxecto competencial | 1 |

| 2º ESO | |
|---|-------|
| MATERIAS | HORAS |
| • Física e Química | 3 |
| • Lingua Castelá e Literatura | 3 |
| • Matemáticas | 4 |
| • Xeografía e Historia | 3 |
| • 1ª lingua estranxeira: Inglés | 3 |
| • Lingua Galega e Literatura | 3 |
| • Educación Física (impartida en inglés) | 2 |
| • Música | 2 |
| • Tecnoloxía | 3 |
| • 2ª Lingua Estranxeira: Francés | 2 |
| • Libre disposición do centro: tecnoloxía | 1 |
| • Libre disposición do centro: lingua galega e literatura | 1 |
| • ELIXIR 1: ◦ Relixión católica ◦ Proxecto competencial | 1 |

| 3º ESO | |
|---|-------|
| MATERIAS | HORAS |
| • Bioloxía e Xeoloxía | 2 |
| • Educación Física | 2 |
| • Educación en valores cívicos e éticos (impartida en inglés) | 1 |
| • Xeografía e Historia | 3 |
| • Física e Química | 2 |

| 3º PDC | |
|---|-------|
| MATERIAS | HORAS |
| • Ámbito Lingüístico-Social | 9 |
| • Ámbito Científico-Tecnolóxico | 8 |
| • Ámbito de Linguas Estranxeiras | 3 |
| • Educación en valores cívicos e éticos | 1 |
| • Educación Física | 2 |
| • Música | 2 |



| | |
|---|---|
| • Lingua Castelá e Literatura | 3 |
| • Lingua Galega e Literatura | 3 |
| • 1ª lingua estranxeira: Inglés | 3 |
| • Música | 2 |
| • Educación Plástica, Visual e Audiovisual (impartida en inglés) | 2 |
| • Matemáticas | 4 |
| • ELIXIR 1: ◦ Cultura Clásica ◦ Educación dixital ◦ Oratoria (impartida en inglés) ◦ 2ª lingua estranxeira: Francés | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Relixión católica ◦ Proxecto competencial | 1 |

| | |
|---|---|
| • Educación Plástica, Visual e Audiovisual | 2 |
| • ELIXIR 1: ◦ Cultura Clásica ◦ Educación dixital ◦ Oratoria ◦ 2ª lingua estranxeira: Francés | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Relixión católica ◦ Proxecto competencial | 1 |

| 4º ESO (ACADÉMICAS) | |
|--|-------|
| MATERIAS | HORAS |
| • Lingua Galega e Literatura | 3 |
| • Lingua Castelá e Literatura | 3 |
| • Xeografía e Historia | 3 |
| • Educación Física (impartida en inglés) | 2 |
| • 1ª lingua estranxeira: Inglés | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Matemáticas A ◦ Matemáticas B | 4 |
| • ELIXIR 1: ◦ Bioloxía e Xeoloxía ◦ Expresión Artística ◦ Formación e Orientación Persoal e Profesional ◦ Latín | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Física e Química ◦ Economía e Emprendemento ◦ Educación Dixital | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Francés ◦ Música ◦ Tecnoloxía | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Cultura clásica ◦ Filosofía ◦ Intelixencia artificial ◦ Oratoria ◦ Non cursada dos 3 bloques anteriores | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Relixión católica ◦ Proxecto competencial | 1 |

| 4º PDC | |
|--|-------|
| MATERIAS | HORAS |
| • Ámbito Lingüístico-Social | 9 |
| • Ámbito Científico-Tecnolóxico | 10 |
| • Ámbito de Linguas Estranxeiras | 3 |
| • Educación Física (impartida en inglés) | 2 |
| • ELIXIR 1: ◦ Economía e Emprendemento ◦ Educación Dixital ◦ Formación e Orientación Persoal e Profesional ◦ Latín ◦ Expresión Artística ◦ Francés ◦ Música ◦ Tecnoloxía | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Cultura clásica ◦ Filosofía ◦ Intelixencia artificial ◦ Oratoria ◦ Non cursada dos 3 bloques anteriores | 3 |
| • ELIXIR 1: ◦ Relixión católica ◦ Proxecto competencial | 1 |

BACHARELATO

Ofertamos as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais. Esta última divídese en dous itinerarios: un de Humanidades e outro de Ciencias Sociais.

O noso centro tamén ofrece a posibilidade de realizar o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) en calquera das modalidades anteriores, o que supón a impartición da materia de Filosofía do primeiro curso en inglés e dúas horas de reforzo semanal de Inglés fóra do horario lectivo en cada un dos cursos.

| 1º BACHARELATO | |
|-------------------------------|--------------|
| Materia | Horas |
| Materias obrigatorias | |
| • Lingua Galega e Literatura | 3 |
| • Lingua Castelá e Literatura | 3 |
| • Filosofía | 3 |
| • Educación Física | 3 |
| • Inglés | 3 |

| ✓ Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía | |
|---|---|
| Materias obrigatorias de modalidade | |
| • Matemáticas I | 4 |
| Materias de opción de modalidade | |
| • Elixir 2: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Bioloxía e Xeoloxía ◦ Debuxo Técnico I ◦ Física e Química ◦ Tecnoloxía e Enxeñaría I | 4 |
| Materias optativas | |
| • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Anatomía aplicada ◦ Antropoloxía ◦ Cultura Científica ◦ Literatura galega do s. XIX e da actualidade ◦ 2ª lingua estranxeira I: francés ◦ TIC ◦ Linguaxe e Práctica musical | 4 |
| • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Relixión ◦ Atención educativa (radio escolar) | 1 |



| ✓ Modalidade de Ciencias Sociais | |
|--|---|
| Materias obrigatorias de modalidade | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I | 4 |
| Materias de opción de modalidade | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 2: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Economía ◦ Historia do Mundo Contemporáneo ◦ Literatura Universal ◦ Grego I | 4 |
| Materias optativas | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Anatomía aplicada ◦ Antropoloxía ◦ Cultura Científica ◦ Literatura galega do s. XIX e da actualidade ◦ 2ª lingua estranxeira I: francés ◦ TIC ◦ Linguaxe e Práctica musical | 4 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Relixión ◦ Atención educativa (radio escolar) | 1 |

| ✓ Modalidade de Humanidades | |
|--|---|
| Materias obrigatorias de modalidade | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Latín I | 4 |
| Materias de opción de modalidade | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 2: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Economía ◦ Historia do Mundo Contemporáneo ◦ Literatura Universal ◦ Grego I | 4 |
| Materias optativas | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Anatomía aplicada ◦ Antropoloxía ◦ Cultura Científica ◦ Literatura galega do s. XIX e da actualidade ◦ 2ª lingua estranxeira I: francés ◦ TIC ◦ Linguaxe e Práctica musical | 4 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Relixión ◦ Atención educativa (radio escolar) | 1 |

2º BACHARELATO

| Materia | Horas |
|-------------------------------|-------|
| Materias obrigatorias | |
| • Lingua Galega e Literatura | 3 |
| • Lingua Castelá e Literatura | 3 |
| • Historia da Filosofía | 3 |
| • Historia de España | 3 |
| • Inglés | 3 |

✓ Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía

| Materias obrigatorias de modalidade | |
|---|---|
| • Matemáticas II | 4 |
| Materias de opción de modalidade | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 2: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Bioloxía ◦ Debuxo Técnico II ◦ Física ◦ Química ◦ Tecnoloxía e Enxeñaría II ◦ Xeoloxía e Ciencias Ambientais | 4 |
| Materias optativas | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Segunda lingua estranxeira (francés) II ◦ Métodos estatísticos e numéricos ◦ Patrimonio e sociedade de Galicia ◦ Psicoloxía ◦ TICS II ◦ Outra de modalidade | 4 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Relixión ◦ Atención educativa (debuxo artístico) | 1 |

✓ Modalidade de Ciencias Sociais

| Materias obrigatorias de modalidade | |
|---|---|
| • Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II | 4 |
| Materias de opción de modalidade | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 2: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Economía ◦ Grego II ◦ Historia da Arte ◦ Latín ◦ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II ◦ Xeografía | 4 |

Materias optativas

| | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Segunda lingua estranxeira (francés) II ◦ Métodos estatísticos e numéricos ◦ Patrimonio e sociedade de Galicia ◦ Psicoloxía ◦ TICS II ◦ Outra de modalidade | 4 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Relixión ◦ Atención educativa (debuxo artístico) | 1 |

✓ Modalidade de Humanidades

Materias obrigatorias de modalidade

| | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Latín II | 4 |
|--|---|

Materias de opción de modalidade

| | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 2: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Economía ◦ Grego II ◦ Historia da Arte ◦ Latín ◦ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II ◦ Xeografía | 4 |
|---|---|

Materias optativas

| | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Segunda lingua estranxeira (francés) II ◦ Métodos estatísticos e numéricos ◦ Patrimonio e sociedade de Galicia ◦ Psicoloxía ◦ TICS II ◦ Outra de modalidade | 4 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Elixir 1: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Relixión ◦ Atención educativa (debuxo artístico) | 1 |

CICLOS FORMATIVOS

Ciclo Básico de Agroxardinaría e composicións florais

| Módulo | Horas |
|---|-------|
| 1º CURSO | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias Aplicadas I | 6 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación e Sociedade I | 7 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos | 4 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría | 6 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes | 4 |



| | |
|---|---|
| • Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes | 4 |
| • Titoría | 1 |
| 2º CURSO | |
| • Ciencias aplicadas II | 7 |
| • Comunicación e sociedade II | 6 |
| • Materiais de floraría | 5 |
| • Actividades de rega, fertilización e tratamentos | 7 |
| • Operacións auxiliares na elaboración de composicións | 6 |
| • Titoría | 1 |

Ciclo Medio Dual de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural

| Módulo | Horas |
|---|-------|
| 1º CURSO | |
| (MP0404) Fundamentos agronómicos | 7 |
| (MP0409) Principios de sanidade vexetal | 4 |
| (MP0832) Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas | 6 |
| (MP0835) Produción de planta forestal en viveiro | 5 |
| (MP0837) Maquinaria e instalacións forestais | 6 |
| (MP0839) Formación e orientación laboral | 2 |
| (MPI996) Lingua estranxeira profesional I - Inglés | 2 |
| TITORÍA | 1 |
| 2º CURSO | |
| (MP0479) Control fitosanitario | 5 |
| (MP0833) Aproveitamento do medio natural | 6 |
| (MP0834) Conservación das especies cinexéticas e piscícolas | 7 |
| (MP0836) Prevención de incendios forestais | 5 |
| (MP0838) Uso público en espazos naturais | 5 |
| (MP0840) Empresa e iniciativa emprendedora | 3 |

Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural

| Módulo | Horas |
|--|-------|
| 1º CURSO | |
| (MP0690) Botánica agronómica | 3 |
| (MP0692) Fitopatoloxía | 4 |
| (MP0693) Topografía agraria | 4 |
| (MP0694) Maquinaria e instalacións agroforestais | 7 |
| (MP0790) Técnicas de educación ambiental | 4 |
| (MP0810) Xestión dos aproveitamentos do medio forestal | 5 |
| (MP0811) Xestión e organización do viveiro forestal | 5 |

| | |
|---|---|
| (MP0818) Formación e orientación laboral | 4 |
| TITORÍA | 1 |
| 2º CURSO | |
| (MP0812) Xestión cinexética | 6 |
| (MP0813) Xestión da pesca continental | 5 |
| (MP0814) Xestión de montes | 9 |
| (MP0815) Xestión da conservación do medio natural | 7 |
| (MP0816) Defensa contra incendios forestais | 6 |
| (MP0819) Empresa e iniciativa emprendedora | 3 |
| TITORÍA | 1 |
| (MP0820) Formación en centros de traballo | |
| (MP0817) Proxecto de xestión forestal e conservación do medio | |

Ciclo Superior de Paisaxismo

| Módulo | Horas |
|--|-------|
| (Oferta parcial de módulos) | |
| (MP0691) Xestión e organización do viveiro | 8 |
| (MP0698) Conservación de xardíns e céspedes deportivos | 6 |
| (MP0695) Planificación de cultivos | 7 |
| (MP0696) Xestión de cultivos | 8 |
| (MP0697) Deseño de xardíns e restauración da paisaxe | 7 |

OUTRAS ENSINANZAS:

- **Programa That's English:**

O noso centro colabora coa EOI de Lugo neste programa do Ministerio de Educación e Formación Profesional, que consiste nun **curso oficial de inglés a distancia**, axustado ao **Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)**. Concretamente actuamos como un centro de apoio titorial, polo que cada ano dispoñemos dun docente de inglés con sesións semanais dentro do seu horario para facerse cargo das titorías do alumnado de That's English. Sen menoscabo dun seguimento xeral da aprendizaxe, as titorías dedícanse principalmente a desenvolver as destrezas comunicativas, especialmente a expresión e interacción oral. A matrícula inclúe os materiais, como os libros de texto, e o acceso á plataforma e-learning, subministrados polo Ministerio a través das EOI.

g) Criterios para o deseño das actividades complementarias e extraescolares.

No centro somos conscientes da importancia das actividades complementarias e extraescolares para o desenvolvemento integral das competencias do alumnado, proporcionando novos escenarios e novas experiencias educativas enriquecedoras. Por esta razón, como criterio xeral



para o seu deseño e previsión deberemos considerar aquelas que mellor se axeiten ás súas necesidades formativas e aos obxectivos e valores que se perseguen traballar en cada nivel educativo.

Definicións:

Teñen carácter de complementarias aquelas actividades que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da Programación Xeral, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan; realizaranse no Centro e son obrigatorias.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo Centro e figurando na Programación Xeral aprobada polo Consello Escolar, se realizan total ou parcialmente no horario lectivo pero fóra das dependencias do Centro, e a participación do alumnado é voluntaria.

Participación:

Todos os alumnos teñen dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares organizadas para eles. Só poderán ser privados deste dereito, mediante sanción, se presentasen unha conduta contraria ás normas de convivencia do centro ou condutas improcedentes durante a realización dunha actividade. A decisión da exclusión dun alumno/a a unha actividade será tomada polo Equipo Directivo.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares requirirá autorización previa por escrito do pai, nai ou representante legal (Instrución 25 da Orde do 1 de agosto de 1997). No suposto de que esta non sexa outorgada, a xefatura de estudos arbitrará a forma máis conveniente para atender o alumnado que non participe nela e que deberá acudir igualmente ao centro escolar.

Deseño:

Os departamentos didácticos proporán a principio de cada curso, á Vicedirección, as actividades extraescolares e complementarias que pretenden realizar durante o mesmo, indicando o título e descrición da actividade, as datas aproximadas de celebración (se é posible) e os cursos afectados.

Tendo en conta as propostas recibidas dos distintos Departamentos didácticos, a Vicedirección elaborará a principio de cada curso un programa de actividades que presentará perante a Comisión de Coordinación Pedagóxica, e logo perante o Consello Escolar. Esta previsión de actividades formará parte da Programación Xeral Anual do Centro.

Poderán ser organizadas ao longo do curso escolar outras actividades que vaian xurdindo e que non estean na Programación Xeral Anual, pero requirirán a aprobación da Dirección, e do Consello Escolar.

Na realización de actividades fóra do centro, o alumnado estará acompañado por profesorado na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos e alumnas ou fracción, cando menos.

A Vicedirección avisará, a través do correo electrónico e do taboleiro de anuncios da sala do profesorado, das actividades previstas para o seguinte mes.

En xeral, fomentárase unha distribución homoxénea das actividades, tanto temporalmente como por niveis, cursos e grupos. Prestarase especial atención a non organizar un número elevado de actividades en momentos intensos como o previo ás avaliacións e evitárase na medida do posible a reiteración de actividades sobre un mesmo grupo.

h) Criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 51

Segundo a Orde do 8 de setembro do 2021, o alumnado de ESO que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinados a súa recuperación e a súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

Ao final de cada curso, o profesorado encargado da materia que o alumnado suspendeu, deberá facer un pequeno informe coa información que motivou ese suspenso (segundo o modelo que achega o departamento de orientación). Esa información quedará arquivada no seu expediente académico, para que lle sirva de información ao titor/a e/ou profesor/a da materia do próximo curso.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.

Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 52.

Segundo a Orde do 8 de setembro do 2021, cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elabóroa o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Ao final de cada curso, o/a profesor/a encargado/a da materia que o alumnado suspendeu, deberá facer un pequeno informe coa información que motivou ese suspenso (segundo o modelo que achega o departamento de orientación). Esa información quedará arquivada no seu expediente académico, para que lle sirva de información ao titor/a e/ou profesor/a da materia do próximo curso.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional (BOE 17/11/2021)

Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos. Capítulo VI

Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo IV

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo IV

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Capítulo IV

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Capítulo IV

Educación Secundaria Obrigatoria - Avaliación

Proceso de avaliación

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.
 - a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
 - b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.
 - c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
 2. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.
- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

3. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
4. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.
5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Sesións de avaliación

1. Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, tres avaliacións parciais e unha avaliación final. A última das avaliacións parciais coincidirá coa final ordinaria.
2. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente, que estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das materias ou ámbitos en que estea matriculado o alumnado do dito grupo. O profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto. Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.
3. Nas sesións de avaliación analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan. Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias ou ámbitos en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno.
4. Na sesión de avaliación inicial o equipo docente analizará os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.
5. A avaliación final levarase a cabo de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico. O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das materias ou ámbitos de que sexa responsable, así como as cualificacións das competencias clave.
6. A titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente, e as propostas de mellora.

Educación Secundaria Obrigatoria - Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptarase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que **supere as materias ou os ámbitos cursados** ou teña **avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarán de xeito independente.
3. **Ademais** de nos casos anteriores, **o equipo docente poderá decidir a promoción** dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
 - c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
 - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
4. O alumnado que acade a **promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar** deberá seguir un **plan de reforzo** en cada unha das materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación (apartado h))
5. O establecido no punto anterior será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos

anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

6. O alumnado que **non acade a promoción** permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso consideraranse unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun **plan específico** personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado (apartado i)).

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022.
8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Educación Secundaria Obrigatoria - Titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que **supere todas as materias ou os ámbitos** cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

3. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

4. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

Bacharelato - Avaliación

Proceso de avaliación

1. A avaliación no bacharelato será continua, formativa e diferenciada segundo as distintas materias:
 - a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
 - b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.
 - c) Diferenciada segundo as distintas materias: xa que o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos da materia.
2. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
3. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
4. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Sesións de avaliación

1. Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria.
2. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o seu equipo docente, formado polo profesorado responsable da avaliación das materias en que estea matriculado o alumnado do dito grupo, incluíndo materias pendentes. O obxecto das sesións será analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás do grupo. Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno, participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias

en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno. Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

3. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción, á titulación, e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.
4. A sesión de avaliación inicial servirá para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.
5. Na sesión de avaliación final ordinaria, o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes. O alumnado que non supere algunha materia, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria, trala cal se realizará a sesión de avaliación final extraordinaria. A avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen para cada curso escolar.
6. A titora ou o titor redactará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se farán constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente e as propostas de mellora.

Bacharelato - Promoción

1. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción do primeiro ao segundo curso de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno.
2. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.
3. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.
4. O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:
 - a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.
 - b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.
5. A superación das materias de continuidade (II) de segundo curso estará condicionada á superación das correspondentes materias (I) de primeiro curso. Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta

considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

Bacharelato - Titulación

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Ciclos Formativos - Avaliación

Realizarase conforme ao disposto nos capítulos VIII, IX e X da Orde do 12 de xullo de 2011.

Conforme se determina no seu artigo 25, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, ***o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas***, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización, funcionamento e convivencia.

O alumnado que acumule faltas de asistencia inxustificadas será informado por parte do titor/a do número de faltas acumuladas mediante:

- Apercibimento de perda do dereito á avaliación continua cando o número de faltas de asistencia non xustificadas supoña un 6% do total da duración de cada un dos módulos.
- Comunicación de perda do dereito á avaliación continua cando o número de faltas de asistencia non xustificadas supoña un 10% do total da duración de cada un dos módulos.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e/ou comunicación da perda do dereito á avaliación continua. Na comunicación lembrarase a obriga de asistir ás actividades lectivas e indicarse que se procederá á baixa de oficio no caso de acumular 15 días consecutivos de non asistencia a clase ou 25 días descontinuos tal como dispón o artigo 10 da Orde de 12 de xullo de 2011.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa de oficio.

Porén, para tales efectos, non se tomarán en consideración as faltas seguintes que se xustificuen documentalmente ante titor/a:

- 20 días hábiles por enfermidade que impida a asistencia á clase, con xustificación médica.
- 9 días por coidado dun familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- 5 días por falecemento dun familiar até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- 10% da duración dun módulo cando o alumno ou alumna presente un contrato de traballo.
- Polo tempo imprescindible para asistir a exames oficiais.
- Polo tempo imprescindible para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.

As faltas xustifícanse unha vez incorporada a alumna ou alumno nun prazo máximo de 10 días lectivos. Para outros supostos distintos dos seis anteriores, o Equipo Docente do ciclo estudará cada caso de xeito individualizado.

En ningún caso a xustificación das faltas exime ao alumno ou alumna da realización dos traballos prácticos feitos na súa ausencia.

Ciclos Formativos - Promoción

Segundo o artigo 4.2 da Orde do 12 de xullo de 2011, dispónse en xeral (**ciclos medios e superiores**) que:

O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas. En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

No caso particular de ciclos de **Formación Profesional Básica**, seguirase o artigo Artigo 22 da orde do 13 de xullo de 2015, que indica:

1. Ao remate do primeiro dos cursos do ciclo formativo e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente de cada grupo de alumnado, na sesión final extraordinaria, decidirá sobre a promoción a segundo curso.

2. O alumnado de primeiro curso terá promoción cando:

a) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.

b) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I. Con todo, deberá matricularse destes módulos profesionais pendentes de primeiro curso. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

O alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, a temporalización e a data en que serán avaliadas.

3. O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción ao segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

As repeticións de curso regúlanse no artigo 21 da mesma Orde:

1. O alumnado matriculado nun centro terá dereito a un máximo de dúas convocatorias anuais cada un dos catro anos en que pode estar a cursar estas ensinanzas para superar os módulos en que se estea matriculado, excepto o módulo de formación en centros de traballo, que poderá ser obxecto de avaliación unicamente en dúas convocatorias.
2. As convocatorias terán efecto coincidindo coas avaliacións finais, sexan de módulos, de ciclo ou extraordinaria.
3. O alumnado que esgotase o número máximo de convocatorias previstas para cada módulo profesional poderá solicitar unha convocatoria extraordinaria. A solicitude de convocatoria extraordinaria rexerese polo establecido no capítulo IV da Orde do 12 de xullo de 2011.
4. Os alumnos e as alumnas, sen superar o prazo máximo establecido de permanencia, poderán repetir cada curso unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable do equipo docente.

Ciclos Formativos - Titulación

Novamente da Orde do 12 de xullo de 2011, dispense:

Artigo 43. *Titulación, certificación e acreditación.*

1. Para a obtención do título de técnico ou de técnico superior, cumprirá acreditar a superación de **todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo**, así como cumprir os requisitos de acceso a el.

2. Os certificados académicos expediraos a dirección do centro público dependente da consellería con competencias en materia de educación, tras a solicitude da persoa interesada.

3. Os certificados académicos realizaranse segundo o modelo oficial que se indica no anexo X desta orde, e expresarán:



- a) Os datos persoais do alumno ou da alumna.
- b) Os datos do ciclo formativo, do curso de especialización ou do programa formativo.
- c) As cualificacións obtidas nos módulos profesionais, tanto positivas como negativas, con indicación da convocatoria concreta, do centro educativo e do curso académico, ata a data de emisión da certificación.
- d) A cualificación final no caso de finalización das ensinanzas.

4. Aqueles que non superasen na súa totalidade as ensinanzas de cada un dos ciclos formativos, dos cursos de especialización, ou que se matriculen nos programas formativos específicos para determinados colectivos, terán dereito a que se lles expida un certificado académico dos módulos profesionais superados, o cal terá, ademais dos efectos académicos, efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. A certificación realizarase segundo o modelo oficial que se indica no anexo XI desta orde.

5. O alumnado do réxime de persoas adultas que non superase algún módulo profesional terá dereito, de ser o caso, a que se lle expida un certificado académico das unidades formativas de menor duración do módulo profesional superadas, co fin de facilitar a formación permanente ao longo da vida. A superación de todas as unidades formativas do módulo profesional dará dereito á certificación deste. A certificación realizarase segundo o modelo oficial que se indica no anexo XII desta orde.

Titulación ESO para alumnado de FPB

De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, **a superación da totalidade dos ámbitos** incluídos nun **ciclo formativo de grao básico** conducirá á obtención do **título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria**.

k) Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional (BOE 17/11/2021)

Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Artigo 31

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

1. Concesión da matrícula de honra en 4º ESO

No artigo 31 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, establécese:

- 1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtívase unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.
En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.*
- 2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.*
- 3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.*

En consecuencia, establécese:

1. Na sesión de avaliación final de cuarto de ESO, cada equipo docente poderá propoñer, de entre o alumnado con cualificación media de 9 ou superior, a quen estime merecedor da mención de matrícula de honra. Dita proposta será reflectida polo titor na acta da sesión de avaliación correspondente.
2. Cando o número de candidatos sexa maior que o número de matrículas que o centro pode conceder, empregaranse para a elección os seguintes criterios na orde indicada:
 - a) Maior nota media en 4º ESO.
 - b) Maior nota media en toda a etapa da ESO.
 - c) Maior número de deces no conxunto da etapa.
 - d) De persistir o empate, continuaríase tendo en conta os noves, oitos, e/ou setes no conxunto da etapa.

2. Concesión da matrícula de honra en 2º Bacharelato

No artigo 34 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, establécese:

- 1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtívase unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.
Para este cálculo e o outorgamento da mención, no caso de que o centro oferte o bacharelato en distintos réximes, contarase para cada réxime de xeito independente. No caso do réxime para persoas adultas, contará soamente o alumnado matriculado en ensino de adultos cuxa matrícula lle permita obter o título de bacharel ao finalizar o curso.
En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.*



2. *Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.*
3. *A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.*

En consecuencia, establécese:

1. Na sesión de avaliación final ordinaria de segundo de bacharelato, cada equipo docente poderá propoñer ao alumnado con cualificación media de 9 ou superior como candidatos á mención de matrícula de honra. Dita proposta será reflectida polo titor na acta da sesión de avaliación correspondente.
2. Cando o número de candidatos sexa maior que o número de matrículas que o centro pode conceder, empregaranse para a elección os seguintes criterios na orde indicada:
 - a. Maior nota media en 2º BAC.
 - b. Maior nota media en toda a etapa de BAC.
 - c. Maior número de deces no conxunto da etapa.
 - d. De persistir o empate, continuaríase tendo en conta os noves, oitos, e/ou setes no conxunto da etapa.

2. Concesión da matrícula de honra en Ciclos Formativos

Consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo **igual ou superior a nove puntos** (9) poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro nun determinado ciclo formativo con independencia do réxime e da modalidade será **como máximo de dúas**. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular no ciclo formativo no curso académico sexa **inferior a vinte**, só se poderá conceder **unha** matrícula de honra.

Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só poderá realizarse no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

En canto ao procedemento de concesión da mención de matrícula de honra seguiranse os criterios seguintes:

- a. Maior nota media no último curso.
- b. Maior nota media en todo o ciclo.
- c. Maior número de deces no conxunto do ciclo.

De persistir o empate, continuaríase tendo en conta os noves, oitos, e/ou setes no conxunto da etapa.

l) **Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.**

Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Artigo 23.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Artigo 31

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Os departamentos didácticos desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

A programación didáctica será o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento didáctico.

Elaboración e seguimento:

Os diferentes departamentos do IES Plurilingüe San Rosendo deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

1. O profesorado elaborará na aplicación correspondente (Proens para ESO/BAC, e Programacións para Ciclos Formativos) a programación didáctica das áreas, materias ou módulos que teña asignados segundo a organización do centro.
2. Calquera docente que imparta unha área, materia ou módulo nun nivel deberá coordinarse con outros docentes que impartan a mesma área, materia ou módulo dese mesmo nivel para que a programación sexa a mesma para todos os grupos.
3. Unha vez pechadas, as xefaturas de departamento supervisarán as programacións, podendo poñelas en revisión se fose necesario e posteriormente enviaranas ao equipo directivo.
4. Unha vez recibidas, o equipo directivo supervisará de novo as programacións, podendo poñelas en revisión se fose necesario e posteriormente enviarán as versións definitivas a Inspección Educativa.
5. As aplicacións informáticas anteriormente mencionadas tamén servirán para realizar o seguimento das programacións, que reflectirá información relevante de cada unidade didáctica: as datas de inicio e fin de impartición e as sesións realizadas, o grao de cumprimento respecto ao planificado, as propostas de modificación e/ou mellora, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e, de ser o caso, observacións.
6. Calquera docente que imparta unha área, materia ou módulo nun nivel deberá coordinarse con outros docentes que impartan a mesma área, materia ou módulo dese mesmo nivel para realizar o seguimento e memoria correspondentes.
7. O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.
8. As programacións didácticas elaboraranse dentro dos prazos previstos nas instrucións de desenvolvemento de cada curso académico da Consellería con competencias en educación.
9. As versións finais das programacións didácticas deberán publicarse na páxina web do centro.
10. As xefaturas dos departamentos didácticos ou as coordinadoras ou os coordinadores de ciclo, á vista da información reflectida no seguimento das programacións didácticas realizada polo profesorado, elaborarán a memoria final do departamento ou ciclo.
11. Os criterios para a elaboración e avaliación das programacións didácticas emanarán da resolución para o desenvolvemento das ensinanzas impartidas no centro en cada curso.

Avaliación:

Achégase a seguinte relación de indicadores de logro para a avaliación da programación nunha escala de 1 a 4:

1. Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
4. Engadiuse algún contido non previsto á programación?
5. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
6. Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas
7. Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
8. Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?
9. Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
10. Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
11. Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
12. Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
13. Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
14. O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
15. Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
16. Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
17. Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?
18. Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
19. Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación
20. Fixáronse criterios para a avaliación final?
21. Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
22. Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
23. Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
24. Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
25. Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?
26. Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
27. Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
28. Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
29. Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)
30. Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso
31. Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
32. Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

m) Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

O centro promoverá a participación en todos os proxectos, plans e programas de carácter educativo que o profesorado considere de interese para o seu alumnado, como mecanismo favorecedor do proceso de ensino-aprendizaxe. De feito, nos últimos cursos o centro participou en numerosos plans e proxectos como Plan Proxecta, Contratos-Programa, Educación Responsable, Programa Lanzadeiras, Espazos Maker, Proxectos Erasmus etc, complementados cos traballos levados a cabo nos diversos Clubs de Lectura e Club de Ciencia.



O centro tamén participa no proxecto E-Dixgal, que axuda a varios departamentos a dispoñer de contidos dixitais cos que traballar nas súas materias.

A participación en proxectos de interese global para o centro serán debatidos e aprobados nos seus órganos colexiados, sempre que se dispoña de profesorado encargado da súa elaboración, seguimento e avaliación.

n) Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

As propostas de modificación da concreción curricular serán presentadas polos distintos sectores da comunidade educativa (profesorado e equipo directivo, alumnado, persoal de administración e servizos e nais e pais), dentro dos seus ámbitos de competencia, para debate e aprobación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Corresponde á Dirección do centro a aprobación final das modificacións propostas unha vez oídos o Claustro e o Consello Escolar. As modificacións serán publicadas na web do centro e na aplicación Proens.